

# MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2021/2022

**CENTRO: CEIP MANUEL CORDO BOULLOSA (PONTE CALDELAS)**  
**DATA: 6 DE ABRIL DE 2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
2. **Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (6º primaria)**
3. **Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
4. **Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

**1.****Criterios xerais para a avaliación do alumnado**

Como consecuencia da entrada en vigor da **Orde do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, cómpre actualizar os seguintes aspectos da Concreción Curricular para o terceiro trimestre do presente curso:

**1.1. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa**

O alumnado de 1º, 3º e 5º de EP promociona de forma automática (artigo 6.1).

Nos niveis de 2º, 4ª e 6º de EP, o alumnado promocionará sempre que teña unha valoración positiva no grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos do curso ou etapa recollidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro (artigo 5).

Ademais, promocionará aquel alumnado con algunha área con cualificación negativa se o equipo docente considera que pode seguir con éxito o curso seguinte cos apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior (artigo 6.2).

Así mesmo, promocionará aquel alumnado cando o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica; por exemplo manter o grupo de iguais, por superación dunha doenza grave...

Como medida de carácter excepcional, se tras aplicar as medidas ordinarias, o equipo docente considera que non é axeitado o grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos do curso ou etapa o alumnado permanecerá un ano máis no mesmo curso e se lle aplicará un plan de reforzo específico (artigo 6.3).

No caso do alumnado con adaptación curricular, os referentes da avaliación serán os “incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte” (artigo 5.2).

A decisión sobre a promoción será adoptada de xeito colexiado e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor (artigo 6.1).

<p><b>1.2. Criterios para o tratamento de áreas con cualificación negativa</b></p>	<p>De acordo co artigo 6.2. da Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022, “O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior”:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoio en aula por parte da persoa titora ou por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.</li> <li>2. Adaptación da metodoloxía e/ou dos tempos.</li> <li>3. Apoio por parte do profesorado especialista de PT ou AL, se é pertinente polas súas necesidades educativas especiais ou, de xeito excepcional, pola necesidade específica de apoio educativo.</li> </ol> <p>Ademais, de acordo co artigo 6.3. da Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022, o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso cun plan específico de reforzo dirixido a alcanzar o grado de adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p> <p>Outras medidas aplicables son:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Apoio en aula por parte da persoa titora ou por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.</li> <li>2. Apoio por parte do profesorado especialista de PT ou AL, se é pertinente polas súas necesidades educativas especiais ou, de xeito excepcional, pola necesidade específica de apoio educativo.</li> </ol>
--	--

<b>2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas en 6ºEP</b>	
<b>2.1. Criterios xerais</b>	Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente (artigo 5.4 da <i>ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia</i> ).

<b>3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022</b>	
<b>3.1. Procedemento para seguimento da recuperación das áreas/ámbitos pendentes.</b>	Revisión do grao de cumprimento das medidas adoptadas e/ou plans de reforzo específico, por parte do profesorado titor ou especialista en colaboración co Departamento de Orientación.
<b>3.2. Elaboración do Informe avaliación individualizado</b>	<p>Segundo as instrucións do artigo 6 da Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022, sobre a promoción, cómpre que “ ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte” (artigo 6.5).</p> <p>Así mesmo, “ cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar” (artigo 6.6.).</p>
<b>3.3. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)</b>	<p>O PROFESORADO UTILIZARÁ O MODELO REMITIDO POLA INSPECCIÓN EDUCATIVA PARA A MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS PARA O TERCEIRO TRIMESTRE DO PRESENTE CURSO 2021-22.</p> <p>OS CONTIDOS QUE RECOLLE ESTE MODELO SON: CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN, CRITERIOS DE TRATAMENTO DE COMPETENCIAS E OBXECTIVOS NON ACADADOS, METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E RECURSOS E CRITERIOS DE CONCESIÓN DE MENCIÓN HONORÍFICA NA ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE 6ºEP.</p>

<b>4. Aprobación e publicidade</b>	
<b>4.1. Aprobación</b>	<p>O procedemento mediante o cal o centro aproba a modificación da concreción curricular no curso 2021/2022 é na reunión de claustro do día 19 de abril de 2022.</p> <p>Así mesmo queda aprobada pola Inspección Educativa con data 29/04/20022.</p>
<b>4.2. Publicidade</b>	<p>Os procedementos de publicidade da modificación da concreción curricular será a publicación das mesmas na páxina web do centro e o aviso a través de Abalar móbil ás familias para informar de dita publicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizarase a publicación na páxina web do centro o día seguinte da aprobación e visto bo da Inspección Educativa.</li> <li>• Nesa mesma data serán avisadas as familias/alumnado por parte dos titores/as a través de Abalar móbil.</li> </ul>